

ELABORACIÓN DE UNHA RECTA NUMÉRICA

En unha tira de papel dividimos o mesmo en 10 partes iguais. Os alumnos/as poñerán os números do 1 ao 10.

ACTIVIDADES A REALIZAR COA RECTA NUMÉRICA

3 anos

1. Recitar a cadea numérica despacio e sinalando co dedo o número que vai nomeando. Facemolo de forma ascendente e descendente.

4 e 5 anos

1. Contan de 0 a 10 de forma ascendente e descendente.

2. Con pezas de lego, construcións, ensartables, pinzas, botóns... calquer material que sirva para contar traballamos a correspondencia de cantidade número da seguinte forma:

- Poñemos ao lado de cada número tantos obxectos como nos indica o número.

- Logo de completar todos os números buscamos cal é o menor e o maior. Cal ten mais cantidade e menos cantidade de obxectos.
- Dados dous números miramos cal é mais grande e o mais pequeno.



A CAZA DAS FIGURAS XEOMÉTRICAS

Elaboramos figuras xeométricas con folios de distintos cores.

3 anos

Facemos cadrado, círculo e triángulo. Poden intentar recortalas eles.

4 anos

Elaboran os nenos cadrados, círculos, triángulos e rectángulos.

5 anos

Elaboran os nenos cadrados, círculos, triángulos, rectángulos e óvalos.

Espallamos polo chan as distintas figuras xeométricas e unha persoa vai dicindo as consignas:

Ex; -círculos vermellos

-triángulos amarelos

-rectángulos verdes etc..

Deberán cazar o máis rápido posible o elemento indicado. O que máis elementos cace gaña.

A QUE SE PARECE??

Con distintos elementos da casa como por exemplo reloxo, porta, cuadro etc... establecemos preguntas aos nenos/as para que identifiquen a que forma xeométrica se parece.

